



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

1

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno, extraordinaria, correspondente ó 21 de maio de 2015



APEL NUMERADO
CORPORACIÓN
LOCAIS

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o vinte e un de maio do ano dous mil quince, ás doce horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados, don Rosendo Luis Fernández Fernández, don Plácido Álvarez Dobaño, don Antonio Montero Fernández e don Eladio Mangana Nóvoa, resultando quórum suficiente, co fin de celebrar sesión extraordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Non asisten á sesión don José Manuel Freire Couto, don José Antonio Feijóo Alonso, don Francisco Rodríguez Rodríguez e don Emilio José Pazos Ojea.

Dá fe do acto o secretario xeral, don Francisco Cacharro Gosende.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DO DÍA 7 DE MAIO DE 2015.-

Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día sete de maio de dous mil quince, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- FIXACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS PARA O “CAMPAMENTO DA OURENSANÍA”.-

Unha vez vista a proposta formulada polo asesor de Política Cultural para a fixación de prezos públicos pola participación no “Campamento da Ourensanía” (campamento de verán para rapaces que se realizará no complexo turístico do Corgo, situado en Mugueimes - Muíños), tendo en conta o disposto nos artigos 2 e 3 da Ordenanza reguladora dos prezos públicos polos servizos de actividades culturais, deportes, educativos e de ocupación de tempo libre promovida pola Deputación Provincial de Ourense (BOP n.º 139, do 19 de xuño de 2014); ante a necesidade de proceder á fixación dos ditos prezos, dada a data prevista de celebración do campamento (entre os días 18 e 24 de xullo, para a primeira quenda e do 27 de xullo ó 2 de agosto para a segunda), e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno** (en virtude de acordo de delegación do Pleno do 27 de xuño de 2014) **adopta** o seguinte **acordo**:

Primeiro.- Establecer o prezo público de 88,00 € (IVE incluído) en concepto de cota de inscrición no “Campamento da Ourensanía”.



Selo da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

2

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno, extraordinaria, correspondente ó 21 de maio de 2015



APEL NUMERADO
CORPORACIÓN
LOCAIS

Segundo.- Estarán obrigados ó pagamento deste os pais ou representantes legais dos rapaces que teñan presentado a súa solicitude de admisión no Rexistro da Deputación.

Terceiro.- Os usuarios/as do servizo deberán facer efectivo o pagamento polo importe correspondente no momento da formalización da inscrición e, en todo caso, con carácter previo ó inicio da actividade.

Cuarto.- Nos restantes aspectos non previstos no presente acordo, estarase ó disposto na Ordenanza reguladora dos prezos públicos polos servizos de actividades culturais, deportes, educativos e de ocupación de tempo libre promovida pola Deputación Provincial de Ourense (BOP n.º 139, do 19 de xuño de 2014).

3.- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DO CONCURSO PARA A CONCESIÓN

DE SUBVENCIONS PARA AS COPAS DEPUTACIÓN 2015.- No Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás 10.00 horas do día 1 de abril de 2015, reuniuse a Comisión de Valoración do concurso convocado pola Deputación Provincial de Ourense para a concesión de subvencións para as Copas Deputación 2015 (cuxas bases e convocatoria foron publicadas no BOP n.º 297, do 29 de decembro de 2014) integrada conforme co establecido na base 7ª da dita convocatoria. En dita sesión formulouse proposta provisional do concurso.

Con data 30 de abril de 2015 someteuse esta proposta provisional de resolución a trámite de audiencia polo período de dez días hábiles, de conformidade co establecido no artigo 84 da Lei 30/92, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, co artigo 7 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación e coa base sexta da convocatoria.

Durante o prazo concedido non se presentou ningunha alegación polo que, de acordo co disposto na base sexta das que regulan a convocatoria, a proposta provisional se considera definitiva.

Por todo o anteriormente exposto, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º.- **Excluir** as seguintes solicitudes, polos motivos que tamén se din:

Serviocio. Padel, G32458952, **Club Santo Domingo. Padel**. G32004244. **Federación Galega de Kickboxing e DDAA. Kickboxing**. G32388571.

Estas solicitudes excluíronse da valoración por existir outras dúas solicitudes das modalidades de padel e kicboxing, respectivamente, e que, en aplicación dos criterios de



(Sinatura do Presidente)

Folho N.º

3

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno, extraordinaria, correspondente ó 21 de maio de 2015

valoración establecidos no apartado 3 da base oitava da convocatoria, obtiveron menos puntuación que as seleccionadas.

2º.- **Concederlles** subvención aos solicitantes que se indican no cadro seguinte, nas contías que tamén se sinalan, de acordo coa proposta da comisión de valoración:

ENTIDADE SOLICITANTE	COPA DEPUTACIÓN	CIF	PROPOSTA CONTÍA SUBVENCIÓN
Delegación Orensana da Federación Galega de Atletismo	Atletismo	G15103500	4.600,00 €
Club Athlos	Bádminton	G32028292	2.000,00 €
Delegación Ourensana de Baloncesto	Baloncesto	V15115306	8.500,00 €
Delegación Provincial de Ourense de Balonmán	Balonmán	G36690832	3.200,00 €
Club de Billar Ourense	Billar	G32333981	1.300,00 €
Club Olimpo's	Boxeo	G32332561	836,00 €
Club Ciclista Ourensano	Ciclismo	G32024531	1.824,00 €
Clube Ciclista Maceda	Ciclocross e BTT	G32028813	1.900,00 €
Club Esquí Náutico Dummies	Esquí Náutico	G32278129	1.216,00 €
Delegación Ourensana da Federación Gallega de Fútbol Sala	Fútbol Sala	V15125206	6.000,00 €
Delegación Ourensana da Federación Gallega de Fútbol	Fútbol y Fútbol-8	G15055890	42.500,00 €
Montealegre Club de Golf	Golf	A32144461	1.444,00 €
Club Halterofilia Pabellón	Halterofilia	G32313991	1.292,00 €
Delegación Ourensana F.G. Hockey	Hockey Sala	G32172058	2.888,00 €
Delegación da Federación Gallega de Judo y D.D.A.A.	Judo	G15109267	1.824,00 €
Club Míguez Team	Kick-boxing	G32455024	1.064,00 €
E.D. Artai	Kungfu	G32352593	1.748,00 €
Federación Galega de Loita e D.A.	Loitas Olímpicas	V36651081	1.900,00 €



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

4

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno, extraordinaria, correspondente ó 21 de maio de 2015



APEL NUMERADO
CORPORACIÓNS
LOCAIS

Club Natación Pabellón Ourense	Natación	G32310336	2.128,00 €
Club Natación Sincronizada Ourense	Natación sincronizada	G32341893	1.976,00 €
Clube Deportivo P21 Padel Club	Pádel	G32419699	1.250,00 €
Club Patinaxe AEHDE O Carballiño	Patinaxe Artística	G32440828	760,00 €
Federación Galega de Piragüismo	Piragüismo	G36040764	2.128,00 €
Ourense Club de Raid	Raid	G32231508	608,00 €
Club Salvamento Acuático Ourense SALVOUR	Salvamento acuático	G32421778	950,00 €
Centro Deportivo Couto, A.D.	Taekwondo	G32269573	3.420,00 €
Club Santo Domingo	Tenis	G32004244	1.444,00 €
Academia San Mamed Ourense Tenis de Mesa	Tenis de mesa	V32254823	684,00 €
Federación Gallega de Tiro Olímpico Eiroás	Tiro Olímpico	G32019077	2.280,00 €
C. Triatlón Gimnasio Olimpia Carballiño	Triatlón	G32379190	1.216,00 €
Club Náutico Castrelo de Miño	Vela	G32158461	988,00 €
Delegación Ourensana de Voleibol	Volei praia	V15067978	1.748,00 €
Delegación Ourensana de Voleibol	Voleibol	V15067978	2.280,00 €
Departamento de wushu da Federación Galega de Judo	Wushu	G15109267	1.324,00 €
Federación Galega de Ximnasia	Ximnasia	G32023210	3.268,00 €

3º.- As subvencións libranse tras a súa xustificación, conforme co establecido nas bases da convocatoria.

4.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SANTA MARTA DE VELLE.

- No Pleno, con data 30 de xaneiro de 2015, acordouse aproba-lo expediente nº 1/2015 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 924.12/489.01 unha subvención nominativa, por importe de 1.500,00 euros, a favor da Asociación de Veciños Santa Marta de Velle para gastos de mantemento e funcionamento da asociación correspondentes ó ano 2015.



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

5

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno, extraordinaria, correspondente ó 21 de maio de 2015



APEL NUMERADO
CORPORACIÓNS
LOCAIS

Unha vez vista a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda aprobar unha subvención á Asociación de Veciños Santa Marta de Velle, nos seguintes termos:

-Importe: 1.500,00 euros.

-Obxecto: gastos de mantemento e funcionamento da asociación correspondentes ó ano 2015.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

Ó abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acredita-la realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ó do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo de xustificación: ata o 31 de outubro de 2015.

5.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE CORTEGADA.- No Pleno, con data 31 de outubro de 2014, acordouse aproba-lo orzamento xeral para o ano 2015. Na base 88 do capítulo XIV figura con carácter nominativo, para a súa concesión directa, de acordo co artigo 22.2 a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, unha subvención de 50.000,00 euros a favor do Concello de Cortegada, para as obras de remate do balneario, con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01.

Unha vez vista a solicitude de subvención, por importe de 49.836,62 euros, formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

6

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno, extraordinaria, correspondente ó 21 de maio de 2015



APEL NUMERADO
CORPORACIÓNS
LOCAIS

execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ó Concello de Cortegada, nos seguintes termos:

-Importe: 49.836,62 euros.

-Obxecto: as obras de remate do balneario.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, debidamente aprobados polo órgano correspondente.

Ó abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acredita-la realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ó do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 31 de outubro de 2015.

6.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE PORQUEIRA.- No Pleno, con data 30 de xaneiro de 2015, acordouse aproba-lo expediente nº 1/2015 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 341.11/762.01 unha subvención nominativa, por importe de 75.000,00 euros, a favor do Concello de Porqueira, para obras na piscina.

Unha vez vista a solicitude de subvención formulada pola alcaldesa do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ó Concello de Porqueira, nos seguintes termos:



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

7

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno, extraordinaria, correspondente ó 21 de maio de 2015

-Importe: 75.000,00 euros.

-Obxecto: obras na piscina.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 72 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, debidamente aprobados polo órgano correspondente.

Ó abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acredita-la realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ó do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.


-Prazo xustificación: ata o 31 de outubro de 2015.

7.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE PORQUEIRA.- No Pleno, con data 31 de outubro de 2014, acordouse aproba-lo orzamento xeral para o ano 2015. Na base 88 do capítulo XIV figura con carácter nominativo, para a súa concesión directa, de acordo co artigo 22.2 a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, unha subvención de 25.000,00 euros a favor do Concello de Porqueira, para acondicionamento e reparación de diferentes instalacións municipais, con cargo á aplicación orzamentaria 45.012/762.01.

Unha vez vista a solicitude de subvención formulada pola alcaldesa do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ó Concello de Porqueira, nos seguintes termos:

-Importe: 25.000,00 euros.

-Obxecto: acondicionamento e reparación de diferentes instalacións municipais.



APEL NUMERADO
CORPORACIONES
LOCAIS



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

8

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno, extraordinaria, correspondente ó 21 de maio de 2015

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, debidamente aprobados polo órgano correspondente.

Ó abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acredita-la realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ó do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 31 de outubro de 2015

E, ás doce horas e vinte minutos, do referenciado día vinte e un de maio do ano dous mil quince, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,



APEL NUMERADO
CORPORACIÓNS
LOCAIS